

## Os partidos políticos e a Rede

### I. Eleccións e Internet

O primeiro proceso electoral reflectido na rede en Galicia foron as xerais de marzo de 1996. Daquela, o único espazo que forneceu información actualizada e en galego foi o especial promovido por *Vieiros*. Había en Galicia 22.000 usuarios de Internet e nin a administración, nin os partidos políticos tiñan presenza na rede.

En 1997 os internautas podían acceder a 700 recursos galegos na arañeira, entre os que salientaba a recente aparición de sitios web de administracións, algúns medios de comunicación, organizacións políticas ou o foro de debate *soc.culture.galiza*. As autonómicas reflectiron un cambio cualitativo na utilización da rede. O web *Eleccións'97* da Xunta ofrecía información institucional en galego e castelán. Neste proceso electoral nacen webs de partidos e agrupacións. O máis dinámico e atractivo, é o do BNG: información sobre o programa, axenda de actos actualizada, son con anacos de discursos... Evidentemente, todo en galego, como os do PSdG-PSOE de Lugo e EU-EG, e a diferenza da información do PP de Galicia, aniñada no servidor do PP estatal; sen embargo, o feito de utilizar un servidor non galego, e mailo enderezo (*arrakis.es/~bng*) provocaron reaccións contrarias entre os seus cbersimpatizantes. Dos medios de comunicación tradicionais con edición electrónica, ningún lle dedicou unha sección especial ós comicios. Foi de novo *Vieiros* o único que lles deu un tratamento específico co sitio *GALICIA'97* en galego e inglés. O máis novidoso resultou o seu carácter interactivo: enquisa virtual, poder construír posibles parlamentos; as **primeiras** -estas si- charlas interactivas que houbo en Galicia...

### Xuño de 1999

En Galicia somos máis de 143.000 internautas (sen contarmos a mocidade que accede dende os ciber), o 91,6% dos cales andamos entre os 18 e os 54 anos; con formación académica media-alta e habitantes de zonas urbanas. Hai rexistrados uns 3.000 recursos galegos; boa parte da empresa e da Administración ten presenza en Internet. O reflexo da convocatoria do 13-x na rede, ¿responde a ese avance de Internet en Galicia, aínda así cativa en relación a outros países do contorno?

No tocante á Administración, poderíase falar de desleixo. Desta volta a Xunta de Galicia non ofreceu ningún tipo de información institucional, nin nun web específico, nin no do Instituto Galego de Estatística. O único web das deputacións que atendeu ós comicios foi o da Coruña. Dos concellos que contan con sitio web, só o do Carballiño, e unicamente en castelán, permitía

consultar a mesa de votación; a xeneralidade seguía proporcionando o mesmo folleto turístico plano do resto do ano.

Malia o crecente número de medios de comunicación con presenza na rede, o panorama non mudou no fundamental. Para o web da CRTVG, ó cal se lle dedican tantas loas (¿será por retransmitir a imaxe do Obradoiro?), estas eleccións non existiron alén da retransmisión en liña das emisións ó vivo. *El Correo Gallego*, na súa edición electrónica, incorporaba o mesmo suplemento da edición en papel, sen interactividade. Esta característica propia de Internet só foi aproveitada nas charlas cos candidatos, organizadas en colaboración con *Vieiros*. Este foi, outra volta, o único espacio galego e en galego, que ofreceu información da actualidade da campaña e seccións abertas á participación, como as ditas charlas, o espacio "Liña aberta" organizado conxuntamente con *La Voz de Galicia*, un xogo virtual, etc.

Os partidos políticos amosaron contradicións; malia existiren unha sensibilidade e un interese maiores, que se traducen na asunción da necesidade de *estar na rede*, a realidade transloce descoñecemento do medio e das súas posibilidades. En efecto, a maioría dos partidos que concorrían, incluídas as opcións denominadas independentes, e tamén algúns candidatos, contaron con cadansúa páxina web, desde a que ofreceron información e publicidade electoral. Varios dos candidatos convidados a participaren nas charlas e nos foros, fíxoo, con maior ou menor fortuna. Sen embargo, fallou, en xeral, a estratexia de comunicación dos partidos a respecto da rede: non se integrou axeitadamente o enderezo do web na propaganda electoral; non se promocionaron os webs na rede, polo que non se obtivo un bo posicionamento; non se contratou publicidade nos xornais dixitais, buscadores, portais, etc.; non se deseñaron campañas de correos semellantes ós *mailings* que si fan co correo tradicional; non se utilizou a presenza na rede para chegar ós galegos e galegas emigrados, malia a importancia que todos din concederlles; agás contadas excepcións, non se actualizou o sitio web propio nin se utilizou para xerar dinámicas participativas; na maioría dos casos ¡nin sequera se contestou o correo electrónico!

## **II. Políticas sobre a rede**

Os programas-marco que se publicaron nos webs -PP, BNG, PSdeG-PSOE- resultan moi ilustrativos a respecto da posición dos partidos perante as novas tecnoloxías da información (TIC). O PP foi o que incluíu unha referencia máis ampla, con propostas referidas á xestión e ós servicios: uso do correo electrónico para a comunicación interna e externa, webs con vocación de servicio público e de promoción, etc. Tentan aplicar ó ámbito da administración local a reforma administrativa da Administración autonómica e as directrices europeas sobre a administración na sociedade da información. Mais contrastan fortemente coa actuación do PP nas institucións nas que goberna/ou con ampla maioría. O PSdeG-PSOE formulaba

brevemente unha política progresista de acceso universal ás TIC, de xeito que "non xere un novo xeito de marxinação cultural, entre os que teñen e non teñen este acceso". Pola súa banda, o BNG incluía unha única referencia: "Oficina de difusión tecnolóxica para as Pemes ofrecendo-lles información sobre as tecnoloxías da información e da comunicación, mediante cursos e convenios e a colaboración coas universidades".

As tres propostas son ben parciais, xa que se centran en cadanseu aspecto -xestión e tramitación, universalización do acceso, empresa-, e cativas, esquecendo claves que cómpre considerar á hora de implantar as TIC. E desde logo, evidencian que non teñen un proxecto para integrar o noso país na chamada "sociedade da información".

Resulta sorprendente que o BNG, con responsabilidades de goberno en concellos -a administración máis próxima ó cidadán- de cidades e vilas (¿lembran o perfil sociolóxico dos internautas?), non elaborase unha proposta sobre as TIC en clave nacionalista e progresista. (¿de novo o descoñecemento do medio e das súas posibilidades?), feito que contrastaba coa presenza en candidaturas do BNG de pioneiros da rede en Galicia, que traballan en proxectos con eses obxectivos.

### **Algunhas ideas**

Á vista do exposto e tendo en conta que se van constituír novas corporacións democráticas, quixeremos suscitar un debate: necesitamos saber para qué e cómo se van utilizar as TIC.

*Cómpre elaborar un plan estratéxico e difundilo*, como xa están a facer moitos países do noso contorno (ben, España non), algúns dos cales incluso abren este proceso á participación cidadá (Portugal ou Cataluña), o que constitúe unha experiencia democrática sen precedentes.

*Cómpre vertebrar un espacio galego de comunicación* dende o que consolidar a presenza de Galicia e do galego na rede, asegurando a expresión de contidos dixitais galegos e en galego de todo tipo: servicios ó cidadán, cultura, expresión pública, publicidade, comercio electrónico...

*Cómpre universalizar o acceso*: As TIC non poden provocar a diferenza entre quen teña ordenador e conexión, e quen non. Cómpre habilitar espazos públicos (bibliotecas, casas da cultura, centros sociais...), xestionar que os concellos ofrezan conexión e correos gratuítos (xa o están a facer as universidades galegas ou concellos de Euskal Herria). Cómpre que se divulguen estas tecnoloxías, que se favoreza o acceso mediante a formación, e que se apoie a creación de redes cidadás.

*Cómpre promover cambios positivos*, e non só dar un verniz de modernidade, utilizando as TIC na administración pública, o que significa, segundo J. Majó<sup>ii</sup>, valorizar o sector público para que non quede desfasado a respecto da iniciativa privada; modernizar, clarexar e simplificar os procedementos para beneficio dos cidadáns; e, por último, democratizar o mundo da

información, para que non se converta nun mundo exclusivamente privado, guiado só pola rendibilidade, e creador de desigualdades.

Nesta campaña fíxose fincapé na necesidade de democratizar os concellos e achegalos á participación cidadá. A rede, en si mesma, non é unha varíña máxica que permita avanzar na participación: iso é labor de conscienciación. Pero si é unha ferramenta moi útil para, estendido o seu uso, ensaiar novas formas de participación democrática: en debates nacionais sobre temas de grande importancia, na toma de decisións mediante consultas ou referendos, etc., o que lles permitiría ós cidadáns asumiren un papel máis importante, alén dos propios procesos electorais.

---

<sup>i</sup> Cómpre salientar, non embargante, que tanto dende o web de Dositeo Rodríguez como dende Independentes de Nigrán déronnos cumprida resposta ós nosos correos electrónicos.

<sup>ii</sup> Majó, Joan (1999), <<Reflexions sobre les accions que caldria prendre des de les Administracions devant del repte de la Societat Digital>>, *6es Jornades Catalanes de Documentació*, Barcelona